



  
**ARQUIVO**  
Deputación  
DA CORUÑA

**“Y Conjo será lo que yo quiero:  
refugio de almas como la mía, agobiadas por  
incurables dolores, lugar de quietud para gentes que,  
como yo, amen esas hermosas alamedas y estos  
campos siempre frescos y sonrientes...”**

**Rosalía de Castro. *El primer loco*, 1881.**

*Pavillóns de Conxo inaugurados no 1902. Reportaxe encargado a Foto Blanco pola Deputación, 1969.*

280

NIHIL PRIUS FIDE.

**O PRIMEIRO TOLO  
DO MANICOMIO DE CONXO**

Día 3. Mes de *Julio* Año de 189 *1*.

Escritura de *Convenio*

OTORGADA POR

*El Sr. D. Ciriano Sánchez Freres, como  
Director del Manicomio de Conxo y  
Los Señores D. Ramón Mesqueras  
Alfonso y D. Vicente Pardo Cordero como  
Diputados provinciales de la Diputación  
de la Coruña*

ANTE EL NOTARIO

**Jesús Fernández Suárez**

SANTIAGO

*Plazuela de San Martín, 2.* *Frente la fuente de San Miguel.*

**Documento do mes  
Marzo 2023**



A cuestión do manicomio rexional de Galicia palpita entre a intelectualidade galega do Rexurdimento. Rosalía escolle a tolemia como materia narrativa e ambiéntaa no “poético monasterio de Conjo”, no ano 1881, tan só catro anos antes de abrir as súas portas. Sen dúbida está ao tanto dos vinte anos de debates ao redor da propiedade do mosteiro, oscilando entre o Arcebispado e a Deputación, nun contexto de ascenso das modernas escolas de psiquiatría. En *El primer loco*, abandona o realismo testemuñal, pero non peca tanto do romanticismo escuro de Poe, como de modernidade, en opinión de Alba do Pozo. A mesma posición que adopta Pardo Bazán, pouco despois, na *La nueva cuestión palpitante*. (Ver [Cartas de Rosalía](#))

A Deputación da Coruña adquire ao fin, no ano 1969, un conxunto de edificios en Conxo, formado polo antigo mosteiro desamortizado e o sanatorio psiquiátrico, despois de cen anos de vinculación. A lexislación atribúelle competencias en materia de enfermidade mental, nos anos setenta do século XIX. A través da mesma dinámica chega ás súas mans o Hospital Real, no 1880. (Ver [Regulamento Hospital](#)).

Ata o século XIX, e mesmo ata os anos 30 do século XX, intérnanse dementes en cárceres, institucións hospitalarias, casas de misericordia e hospicios. Por ruralismo, secularización tardía e tantas cousas máis, aqueles tolos galegos peregrinan en busca de institución. Ao estudar a manicomialización tardía da tolemia en Galicia, David Simón Lorda apunta que se aborda desde o paradigma da incurabilidade, da cronicidade institucional, mediante o illamento terapeútico. O ambientalismo nunha idílica leira é a cara amable da terapia custodial, xa que o fin primordial é a reclusión. O tránsito desde as lóxicas manicomiales, pechadas e totalitarias cara á desinstitucionalización, custará cen anos facelo.

Conxo, ao sur de Santiago, na entrada do Camino portugués, é unha ampla vertente circundada pola Ribeira Baixa do Sar. Remonta a súa fama ata o século X, cando o bispo Pelayo funda alí o mosteiro de Canogio, segundo as fontes medievais recollidas por Alejandro Barral. Na súa historia sucédense esplendores e decadencias, como en Caaveiro e tantos outros. Gelmírez restáurao cun fermoso claustro para as monxas benedictinas, que o abandonan por San Paio de Antealtares. No ano 1482, convértese no primeiro convento de mercedarios de Galicia. Recobra o seu esplendor coas obras do século XVII e XVIII, para decaer tras a exclaustación de 1835. Así de romántico coñéceno Rosalía, Murguía ou Pondal, nos seus paseos pola frondosa carballeira e polos seus prados, “en las orillas del Sar”. (Ver [Carta de Rosalía](#)).

Juana de Vega, vinculada ao Hospicio Provincial, pon os seus ollos en Conxo coa idea de crear alí un hospital central de dementes, o primeiro de Galicia. Consegue o apoio da Raíña durante a súa visita a Santiago no 1858 e o interese do Gobernador Civil da Coruña, Ramón María Suárez, que favorecen a súa cesión ao Ministerio da Gobernación. A idea de Juana, fabulada por Rosalía, estaba relacionada coa obriga legal de crear unha rede de seis manicomios rexionais.

No ano 1863 comezan as xestións co cardeal García Cuesta para a cesión da maior parte do mosteiro e os traballos do arquitecto provincial Faustino Domínguez, con axuda de Lecumberri, gañador do concurso do Manicomio modelo de Madrid. Aínda que a transmisión do mosteiro á Deputación verifícase o 8 de xuño do 1865, non fructifica por unha sucesión de impedimentos, inacciones e incumprimentos. (Ver [Acta 13/01/1879](#))

O orzamento para a reconversión en manicomio é cuantioso, nun contexto de inestabilidade política (Revolución do 1868 e I República), co que unha década despois caduca a cesión. Cando as autoridades estatais desisten de financiar as obras no 1871, a Deputación da Coruña abandera o proxecto, solicitando axuda ás outras deputacións. Pero a esperada cooperación fracasa, como ocorre co Hospital Real. O pleno da Deputación da Coruña, presidido por Ramón Martelo, o 24 de abril do 1872 insiste, ante o temor a unha posible poxa de Conxo. Xá non tiña sentido carrexar enfermos por España e abonar estancias en Valladolid ou en San Baudilio de Llobregat, pero continúa facendo, pois as xestións para a cesión volven encallar. (Ver [BOP 20/03/1866](#), [Acta 07/11/1878](#)).

Múltiples factores entran nun perverso xogo de intereses: os do goberno central, os da Igrexa, os das deputacións e conducen de novo a um punto morto, ata o ano 1882. Mentres tanto, chega a Santiago un hábil político, o novo arcebispo Payá y Rico, que reinstala no mosteiro a un pequeno grupo de mercedarios. Manuel Torres destaca del que considera ás deputacións un poder civil revolucionario. Por iso concibe a idea de personalizar o proxecto e reúne un millón de reais, sen financiamento estatal ou provincial. (Ver [Retrato Román Navarro](#)).

E así, por falta de fondos, posponse outra vez o proxecto do manicomio provincial, no ano 1882, a pesar dunha nova visita oficial para determinar a idoneidade do antigo mosteiro, por moi longas que sexan as entrevistas dos comisionados da Deputación co cardeal Payá e os seus asesores médicos. Un fracaso que segundo Simón Lorda demostra como o poder eclesiástico en Galicia enfrontase administración central e provincial. Non por nada, X.R. Barreiro apunta que a supervivencia do novo réxime liberal está feita de pactos da burguesía coa aristocracia e o clero, é dicir, con “la alargada sombra del Antiguo Régimen”, en palabras de Ramón Villares. (Ver [BOP 27/04/1882](#)).

O pacto entre o arcebispado e o goberno de Madrid é desvelado por Alfredo Vicenti en *El Globo*, no ano 1883, segundo José Antonio Durán, o seu biógrafo: obtén o magnífico mosteiro en pago da súa lucrativa campaña de relanzamento do Camino de Santiago. Así pois, no 1885, chega a Santiago a primeira gran peregrinación á vez que ingresa en Conxo “el primer loco”. (Ver [Relación de alienados, 1885-1919](#), [Selo](#)).

É un excelente negocio, a Deputación da Coruña achega a maioría dos fondos necesarios para o funcionamento, por medio do abono do custo por estancia dos dementes, entre 12 e 30 reais diarios ao comezo, a pesar de non ser da súa propiedade, nin estar ao seu cargo a xestión tan sequera. (Ver [Actas 05/05/1885](#), [04/05/1886](#), [Contrato 1891](#), [Renovación 1904](#)).

O novo arcebispo Martín Herrera promove no ano 1890 un ambicioso proxecto de ampliación. Un complexo de oito pavillóns de estilo ecléctico por un millón de pesetas. Reprodúcese a estrutura claustal con patios interiores e capela central. Sánchez García apunta que o cardeal negocia un préstamo no 1892 e outro no 1897. Entre os prestamistas sobresaen o director médico, Timoteo Sánchez Freire, o banqueiro Olimpio Pérez ou o cabido da Catedral. Comezan as obras o 7 de maio do 1892. No ano 1902 inauguran os novos pavillóns, sumando 600 camas ás 300 iniciais. Os leitos irán subindo a costadas salas de estar, despachos ou galiñeiros, vistos os sumamente rendibles concertos coas deputacións. (Ver [Relieve de Mariano Benlliure](#), [Retrato de Tito Vázquez](#), [Retrato de José M<sup>o</sup> Fenollera](#), [BOP 7/5/1892](#), [Baltar 1903](#)).

Pero detrás da fachada dos edificios modernos, apenas traspasada a luxosa recepción, persisten as medidas de control das prisións. O reverso da cara teatral da escalinata imperial, é a cruz da degradación asistencial. No ano 1915, os enfermos catalóganse economicamente: os de primeira clase pagan 12 pesetas diarias e os de quinta, 2 pesetas. A clave está no financiamento dos accionistas locais que incrementa as tensións entre finalidade asistencial-obtención de beneficios, como advirte Simón Lorda. Isto deriva nun constante aumento no número de ingresados e en duplicar o corte por estancia, ata colapsar de 500 a 1000, nas dúas primeiras décadas do século XX. Ao impoñerse os argumentos económicos, o amontoamento reverte nunha pésima reputación.

Polo tanto, na historia da apertura do Manicomio de Conxo, desenvolvída entre o anos 1885 e 1924, en plena época de nacemento da psiquiatría en Europa, non podemos falar de medicina e menos de psiquiatría, senón de lóxica empresarial, seguindo a Torres Cubeiro. A Caridade e a Beneficencia constitúen a lexitimación baixo a que se amparan, en Santiago, os accionistas e o arcebispado. Non en balde, en trinta anos triplican o capital investido, mentres manteñen vixente o regulamento do 1891. (Ver [Regulamento 1889](#), [1891](#), [Índice documentos.1890-1934](#)).

Continuará...

[Bibliografía empregada](#)

Textos e dirección de arte: Carmen Molina. Asistente de edición e maquetación: Yolanda Carro. Descrición documental: Begoña Rodríguez. Corrección de texto galego: Nieves do Campo. Documentos: FP-3,FP-4, 276, 1793, 24613, F8-1/19. Actas 07/11/1878, 13/01/1879, 05/05/1885, 04/05/1886. BOP 20/03/1866, 27/04/1882, 7/5/1892. Inventario patrimonio: nº54, 177,179,181.





  
**ARQUIVO**  
Deputación  
DA CORUÑA

**“Y Conjo será lo que yo quiero:  
refugio de almas como la mía, agobiadas por  
incurables dolores, lugar de quietud para gentes que,  
como yo, amen esas hermosas alamedas y estos  
campos siempre frescos y sonrientes...”**

**Rosalía de Castro. El primer loco, 1881.**

Pabellones de Conjo inaugurados en 1902. Reportaje encargado a Foto Blanco por la Diputación, 1969.

NIHIL PRIUS FIDE.

## EL PRIMER LOCO DEL MANICOMIO DE CONJO

Día 3. Mes de Julio. Año de 1891.

Escritura de *Convenio*

OTORGADA POR

*El Sr. D. Ciriano Sánchez Freres, como  
Director del Manicomio de Conjo y  
los Señores D. Ramón Mesqueras  
Alvarez y D. Vicente Pardo Casariego como  
Diputados provinciales de la Diputación  
de la Coruña.*

ANTE EL NOTARIO

Jesús Fernández Suárez

SANTIAGO

*Plazuela de San Martín, 2.*

*Frente la fuente de San Miguel.*

**Documento del mes  
Marzo 2023**



La cuestión del manicomio regional de Galicia palpita entre la intelectualidad gallega del Rexurdimento. Rosalía escoge la locura como materia narrativa y la ambienta en el “poético monasterio de Conjo”, en 1881, tan solo cuatro años antes de que abra sus puertas. Sin duda está al tanto de los veinte años de debates en torno a la propiedad del monasterio, oscilando entre el Arzobispado y la Diputación, en un contexto de ascenso de las modernas escuelas de psiquiatría. En *El primero loco*, abandona el realismo testimonial, pero no peca tanto del romanticismo oscuro de Poe, como de modernidad, en opinión de Alba del Pozo. La misma posición que adopta Pardo Bazán, poco después, en *La nueva cuestión palpitante*. (Ver [Cartas de Rosalía](#))

La Diputación de A Coruña adquiere al fin, en 1969, un conjunto de edificios en Conjo, formado por el exmonasterio desamortizado y el sanatorio psiquiátrico, tras un centenar de años de vinculación. La legislación le atribuye competencias en materia de enfermedad mental, en los años setenta del siglo XIX. Por medio de la misma dinámica llega a sus manos el Hospital Real, en 1880. (Ver [Reglamento Hospital](#)).

Hasta el siglo XIX, e incluso hasta los años 30 del siglo XX, se internan dementes en cárceles, instituciones hospitalarias, casas de misericordia y hospicios. Por ruralismo, secularización tardía y tantas cosas más, aquellos locos gallegos peregrinan en busca de institución. Al estudiar la manicomialización tardía de la locura en Galicia, David Simón Lorda apunta que se aborda desde el paradigma de la incurabilidad, de la cronicidad institucional, mediante el aislamiento terapéutico. El ambientalismo en una idílica finca es la cara amable de la terapia custodial, puesto que el fin primordial es la reclusión. El tránsito desde las lógicas manicomiales, cerradas y totalitarias hacia la desinstitucionalización, costará cien años hacerlo.

Conjo, al sur de Santiago, en la entrada del Camino portugués, es una amplia vertiente circundada por la Ribera Baja del Sar. Remonta su fama hasta el siglo X, cuando el obispo Pelayo funda allí el monasterio de Canogio, según las fuentes medievales recogidas por Alejandro Barral. En su historia se suceden esplendores y decadencias, como en Caaveiro y tantos otros. Gelmírez lo restaura con un hermoso claustro para las monjas benedictinas, que lo abandonan por San Payo de Antealtares. En 1482, se convierte en el primer convento de mercedarios de Galicia. Recobra su esplendor con las obras del siglo XVII y XVIII, para decaer tras la excomunión de 1835. Así de romántico lo conocen Rosalía, Murguía o Pondal, en sus paseos por la frondosa “carballeira” y por sus prados, “en las orillas del Sar”. (Ver [Carta de Rosalía](#)).

Juana de Vega, vinculada al Hospicio Provincial, pone sus ojos en Conjo con la idea de crear allí un hospital central de dementes, el primero de Galicia. Consigue el apoyo de la Reina durante su visita a Santiago en 1858 y el interés del Gobernador Civil de A Coruña, Ramón María Suárez, que favorecen su cesión al Ministerio de la Gobernación. La idea de Juana, fabulada por Rosalía, estaba relacionada con la obligación legal de crear una red de seis manicomios regionales.

En 1863 comienzan las gestiones con el cardenal García Cuesta para la cesión de la mayor parte del monasterio y los trabajos del arquitecto provincial Faustino Domínguez, con ayuda de Lecumberri, ganador del concurso del Manicomio modelo de Madrid. Si bien la transmisión del monasterio a la Diputación se verifica el 8 de junio de 1865, no fructifica por una sucesión de impedimentos, inacciones e incumplimientos. (Ver [Acta 13/01/1879](#))

El presupuesto para la reconversión en manicomio es cuantioso, en un contexto de inestabilidad política (Revolución de 1868 y I República), con lo que una década después caduca la cesión. Cuando las autoridades estatales desisten de financiar las obras en 1871, la Diputación de A Coruña abandera el proyecto, solicitando ayuda a las otras diputaciones. Pero la esperada cooperación fracasa, como ocurre con el Hospital Real. El pleno de la Diputación de A Coruña, presidido por Ramón Martelo, el 24 de abril de 1872 insiste, ante el temor a una posible subasta de Conjo. Ya no tenía sentido acarrear enfermos por España y abonar estancias en Valladolid o en San Baudilio de Llobregat, pero se continúa haciendo, pues las gestiones para la cesión vuelven a encallar. (Ver [BOP 20/03/1866](#), [Acta 07/11/1878](#)).

Múltiples factores entran en un perverso juego de intereses: los del gobierno central, los de la Iglesia, los de las diputaciones y conducen de nuevo al impasse, hasta 1882. Entretanto, llega a Santiago un hábil político, el nuevo arzobispo Payá y Rico, que reinstala en el monasterio a un pequeño grupo de mercedarios. Manuel Torres destaca de él que considera a las diputaciones un poder civil revolucionario. Por eso concibe la idea de personalizar el proyecto y reúne un millón de reales, sin financiamiento estatal o provincial. (Ver [Retrato Román Navarro](#))

Y así, por falta de fondos, se pospone otra vez el proyecto del manicomio provincial, en 1882, a pesar de una nueva visita oficial para determinar la idoneidad del exmonasterio, por más que se alargan las entrevistas de los comisionados de la Diputación con el cardenal Payá y sus asesores médicos. Un fracaso que según Simón Lorda demuestra como el poder eclesiástico en Galicia hace frente a la administración central y provincial. No en vano, X.R. Barreiro apunta que la supervivencia del nuevo régimen liberal está hecha de pactos de la burguesía con la aristocracia y el clero, es decir, con “la alargada sombra del Antiguo Régimen”, en palabras de Ramón Villares. (Ver [BOP 27/04/1882](#)).

El pacto entre el arzobispado y el gobierno de Madrid es desvelado por Alfredo Vicenti en *El Globo*, en 1883, según José Antonio Durán, su biógrafo: obtiene el magnífico monasterio en pago de su lucrativa campaña de relanzamiento del Camino de Santiago. Así pues, en 1885, llega a Santiago la primera gran peregrinación al tiempo que ingresa en Conjo “el primer loco”. (Ver [Relación de alienados, 1885-1919](#), [Sello](#)).

Es un excelente negocio, la Diputación de A Coruña aporta la mayoría de los fondos necesarios para el funcionamiento, por medio del abono del coste por estancia de los dementes, entre 12 y 30 reales diarios al inicio, pese a no ser de su propiedad, ni estar a su cargo la gestión tan siquiera. (Ver [Actas 05/05/1885](#), [04/05/1886](#), [Contrato 1891](#), [Renovación 1904](#)).

El nuevo arzobispo Martín Herrera promueve en 1890 un ambicioso proyecto de ampliación. Un complejo de ocho pabellones de estilo ecléctico por un millón de pesetas. Reproduce la estructura claustral con patios interiores y capilla central. Sánchez García apunta que el cardenal negocia un préstamo en 1892 y otro en 1897. Entre los prestamistas sobresalen el director médico, Timoteo Sánchez Freire, el banquero Olimpio Pérez o el cabildo de la Catedral. Comienzan las obras el 7 de mayo de 1892. En 1902 inauguran los nuevos pabellones, sumando 600 camas a las 300 iniciales. Los lechos irán subiendo a costa de las salas de estar, despachos o gallineros, vistos los rentabilísimos conciertos con las diputaciones. (Ver [Relieve de Mariano Benlliure](#), [Retrato de Tito Vázquez](#), [Retrato de José M<sup>o</sup> Fenollera](#), [BOP 7/5/1892](#), [Baltar 1903](#)).

Pero detrás de la fachada de los edificios modernos, apenas traspasada la lujosa recepción, persisten las medidas de control de las prisiones. El reverso de la cara teatral de la escalinata imperial, es la cruz de la degradación asistencial. En 1915, los enfermos se catalogan económicamente: los de primera clase pagan 12 pesetas diarias y los de quinta, 2 pesetas. La clave está en la financiación de los accionistas locales que incrementa las tensiones entre finalidad asistencial-obtención de beneficios, como advierte Simón Lorda. Esto deriva en un constante aumento del número de ingresados y en duplicar el corte por estancia, hasta colapsar de 500 a 1000, en las dos primeras décadas de siglo XX. Al imponerse los argumentos económicos, el hacinamiento revierte en una pésima reputación.

Por lo tanto, en la historia de la apertura del Manicomio de Conjo, desarrollada entre 1885 y 1924, en plena época de nacimiento de la psiquiatría en Europa, no podemos hablar de medicina y menos de psiquiatría, sino de lógica empresarial, siguiendo a Torres Cubeiro. La Caridad y la Beneficencia constituyen la legitimación bajo la que se amparan, en Santiago, los accionistas y el arzobispado. No en vano, en treinta años triplican el capital invertido, mientras mantienen vigente el reglamento de 1891. (Ver [Reglamento 1889](#), [1891](#), [Índice documentos, 1890-1934](#)).

Continuará...

[Bibliografía empleada](#)